



**SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO**

**O DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2015**

**ORDE DO DÍA**

- 1 Aprobación, de ser o caso, das actas das sesións:
  - 1.1 extraordinaria urxente 15 de data 28 de agosto de 2015
  - 1.2 ordinaria 16 de data 02 de setembro de 2015 (corrección de erro material pto. 4)
  - 1.3 extraordinaria urxente 17 de data 09 de setembro de 2015.
- 2 Dar conta do expediente de modificación de crédito MC 44/15 gc 18/15
- 3 Aprobación da Conta Xeral correspondente ao ano 2014
- 4 Aprobación da modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo (RPT) en relación cun posto de delineante.
- 5 Actividades de control do pleno:
  - 5.1 Dar conta das resolucións de alcaldía do 25 de agosto ao 18 de setembro de 2015
  - 5.2 Mocións
    - 5.2.1 Moción conxunta dos grupos municipais, PP, AER, BNG e a concelleira non adscrita e moción do PSDG-PSOE Sobre os refuxiados de Siria e Moción do grupo municipal PSDG-PSOE sobre a crise migratoria e a situación dos refuxiados que chegan a Europa.
    - 5.2.2 Moción do grupo municipal PSdeG-PSOE sobre o hospital Álvaro Cunqueiro
    - 5.2.3 Moción do grupo municipal do BNG sobre a iniciativa da Confederación Intersindical Galega (CIG) Para garantir a enerxía como servizo público
    - 5.2.4 Moción da concelleira non adscrita sobre o proxecto almacén solidario
    - 5.2.5 Moción do grupo municipal PSDG-PSOE sobre o transporte escolar
  - 5.3 Rogos e preguntas

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía de data 21/09/2015, e sendo as vinte horas do día 24 de setembro de 2015, coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Francisco Javier Alonso González, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Leticia González Guisande, Ricardo Figueroa Rodríguez, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laiño Ferreira, Jorge Varela Couñago, Xoán Carlos González Campo e Raquel Quintáns Costoya.

Tamén asistiu o interventor do Concello, Ángel Santamariña Rivera, actuando como secretario o secretario xeral accidental da corporación, Alberto Pensado Seijas.

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

**INCIDENCIAS:**

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.



## CONCELLO DE REDONDELA

### **1. APROBACIÓN, DE SER O CASO, DAS ACTAS DAS SESIÓNS:**

#### **1.1 Extraordinaria Urxente 15 de data 28 de agosto de 2015**

Dáse conta do borrador da sesión plenaria de carácter extraordinario urxente número 15 de data 28/08/15, sendo aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes, por un total de 21 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita)

#### **1.2 Ordinaria 16 de data 2 de setembro de 2015**

Dáse conta do borrador da sesión plenaria de carácter ordinario número 16 de data 02/09/2015.

Advírtese na mesma a existencia dun erro material en relación ao punto cuarto da orde do día desta sesión sobre “ adopción de acordos sobre festas locais do ano 2016, onde di:

*“Primeiro: fixar como festas locais para o ano 2016 as seguintes:*

- *4 de abril Luns do Cristo*
- *2 de xuño Xoves da Coca”*

Debería dicir:

*“Primeiro: fixar como festas locais para o ano 2016 as seguintes:*

- *4 de abril Luns do Cristo*
- *26 de maio Xoves da Coca”*

Por outra banda, o grupo municipal AER indica que na acta desta sesión existe un erro material por omisión da transcripción sobre a votación de urxencia realizada antes do debate da moción presentada polo grupo municipal do PSOE sobre unha reunión informativa en relación coa ampliación da ponte de Rande (8.2.4), debéndose incluír na páxina 8 do borrador da referida acta o seguinte parágrafo:

*“8.2 MOCIONS*

*Retíranse todas as mocions anteriores pendentes para dar cabida a unha moción de urxencia respecto a Comisión de Seguimento da ampliación da Ponte de Rande coa fin de que poida ser tratada.*

*A urxencia sométese a votación, sendo ratificada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 19 votos a favor (9 do PP, 5 do PSdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita”*

#### **1.3 Extraordinaria urxente 17 de data 09 de setembro de 2015**

Dáse conta do borrador da sesión plenaria de carácter extraordinario urxente número 17 de data 09/09/2015.

No punto 1 correspondente á votación de urxencia da convocatoria da sesión debe eliminarse o parágrafo que di “Ratifícase por unanimidade a urxencia da convocatoria” incluído por erro de transcripción, manténdose a votación e acordo con resultado de ratificación de urxencia por maioría dos/as concelleiros/as co detalle que nela se sinala.

Por outra banda, o concelleiro González Campo solicita a corrección da súa intervención na primeira rolda, ao respecto do segundo punto da Orde do día de proposta de adhesión ao acordo marco de colaboración entre o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a FEMP para promover e facilitar o desenvolvemento da Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno nas Entidades Locais.



## CONCELLO DE REDONDELA

Cando indica que “ao principio opúxose debido á contradición pola imaxe amosada do goberno local pero non vai poñer trabas...” debería figurar “Opóñense á lei de transparencia promulgada polo PP pero non poñen trabas...”

### **2. DAR CONTA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MC44/15 gc 18/15**

Dáse conta do seguinte expediente administrativo de modificación de crédito número MC 44/2015 gc 18/15 mediante xeración de crédito por importe de 27.978,94 euros, aprobada por resolución da alcaldía de data 31/08/15.

A corporación queda informada do expediente administrativo de modificación de crédito anteriormente relacionado.

### **4. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) EN RELACIÓN CUN POSTO DE DELINEANTE.**

#### ANTECEDENTES

Proposta da alcaldía con data 18 de setembro de 2015 que se transcribe a continuación:

“Visto o informe da Secretaría Municipal nº 84/2015 que se transcribe a continuación:

“*INFORME DE SECRETARIA 84/2015*

*ASUNTO. POSIBILIDADES PARA COBERTURA PRAZA DE DELINEANTE*

*Emítase o presente a requirimento do Alcalde e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional en relación ás alternativas para cubrir a vacante de delineante.*

#### *I. Antecedentes*

*O 22.06.2015 produciuse a xubilación de JOSE LUIS VIDEIRA LÓPEZ, delineante, xubilación que conlevou a extinción da súa relación laboral co Concello de Redondela e o fin do contrato de relevo nos termos previstos no artigo 12.7 do Estatuto dos Traballadores.*

*Quedou polo tanto vacante a praza en cuestión e emítase o presente informe para os efectos de establecer as alternativas legais para a súa posible cobertura, partindo do principio que dita cobertura é necesaria para o normal funcionamento dos servizos técnicos do Concello, basicamente por mor da súa singularidade non sendo posible que as súas funcións sexan asumidas por outro persoal durante un prazo prolongado de tempo.*

#### *II. Lexislación aplicable*

- *Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).*
- *Real Decreto Lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)*
- *Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (LEBEP)*
- *Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2015 (LPE).*
- *Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia (LEG).*

#### *III. Consideracións xurídicas*



## CONCELLO DE REDONDELA

- a) *Por mor do previsto no artigo 21.1 da LPE non se pode incorporar novo persoal ao servizo do Concello agás o que se derive da execución dos procesos selectivos correspondentes a ofertas de emprego público anteriores. En canto á reposición de efectivos o apartado 2 do mesmo artigo limita a ao 50% e refírese a sectores específicos nos que, en principio, non tería encaixe dita praza.*
- b) *Nembargantes, o mesmo precepto legal exclúe destes requirimentos a promoción interna, polo que unha das primeiras alternativas a considerar, consonte coas decisións adoptadas con respecto a outras prazas vacantes no Concello nos últimos anos, sería proceder a súa cobertura mediante este procedemento ao obxecto de que puidera acceder á mesma un empregado/a do Concello coa cualificación necesaria. Para iso e tendo en conta que a praza de delineante atópase no cadro de persoal e na relación de postos de traballo configurada como de persoal laboral fixo (circunstancia que facilitou o pase do seu titular á situación de xubilación parcial e o correspondente contrato de relevo que agora rematou) cómpre prantexarse en primeiro lugar se a praza pode configurarse como de funcionario á vista das recentes prescricións recollida na LEG.*
- c) *De entrada hai que sinalar que a meirande parte das prazas existentes nos servizos técnicos (dúas de arquitectos técnicos e unha de vixiante de obras) son prazas reservadas a persoal funcionario. Soamente a de arquitecto e a de delineante contémpanse, de xeito residual, como de persoal laboral fixo polo que estarían incursas na previsión da disposición transitoria 2ª do EBEP e disposición transitoria 1ª da LEG en canto ao feito de que se atopan (no caso da de delineante se atopaba) ocupadas efectivamente por persoal laboral fixo aínda que desempeñen funcións ou postos clasificados como propios de persoal funcionario. Deste xeito, ditas disposicións sinalan que o persoal que as ocupe pode seguir desempeñándoas pero, a sensu contrario resultaría oportuno e xustificado, neste intre en que precisamente se atopa vacante unha desas prazas, un cambio na súa configuración pasando a reservarse para persoal funcionario en consonancia co resto das existentes nos servizos técnicos de urbanismo. A partir de aí sería doada a súa cobertura mediante promoción interna.*
- d) *A tal efecto, da RPT resulta unha relación de funcións principais que se atopa en consonancia co previsto no artigo 22 da LEG resultando compatibles coa súa consideración como praza reservada a funcionarios:*
- Realizar a atención ao público presencial e telefonicamente e informar sobre os trámites relativos os asuntos urbanísticos.*
  - Colaborar coa dirección técnica dos proxectos no relativo á medición, toma de datos e verificación e valoración das unidades de obra.*
  - Preparar a información gráfica necesaria para a elaboración de proxectos do Concello.*
  - Realizar o arquivo e custodia dos planos.*
  - Elaboración de informes complementarios a petición do seu superior xerárquico.*
  - Colaborar na tramitación das obras menores.*
  - Prestar apoio aos distintos Departamentos municipais realizando as tomas de datos que sexan necesarias levar a cabo en cada expediente urbanístico.*
  - Realizar calquera outra función, propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento do Servizo adscrito.*
- e) *Por outra banda, a promoción interna é un dereito contemplado no artigo 71 c) da LEG e 16 da LEBEP e no seu apartado c) o define (no caso da vertical) no ascenso desde un*



## CONCELLO DE REDONDELA

*corpo ou escala dun subgrupo, ou grupo de clasificación profesional no caso de que este non teña subgrupo, a outro superior, de acordo co establecido no artigo 18.*

- f) A modificación do cadro de persoal, documento integrante do presuposto do concello, é competencia do pleno ao abeiro do artigo 22 ,2 i da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL). No artigo 90 do mesmo texto legal dispónse que as entidades locais formarán a relación de tódolos postos de traballo (RPT) existentes na súa organización nos términos previstos na lexislación básica sobre función pública. A RPT do Concello de Redondela, aprobada definitivamente o 31.03.2015 polo pleno do Concello, tería que adaptarse tamén figurando na documentación relativa á praza de delineante “Persoal funcionario” onde figuraba “Persoal laboral fixo”.*
- g) O artigo 126 do TRRL dispón tamén que as plantillas deberán comprender tódolos postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual e se aprobarán anualmente, con ocasión da aprobación do presuposto. A modificación das plantillas durante a vixencia do presuposto requirirá o cumprimento dos trámites establecidos para a modificación de aquel.*
- h) A proposta de modificación do cadro de persoal, deberá negociarse cos representantes sindicais e ser aprobada polo pleno do Concello e someterse a información pública polo prazo de 15 días, de tal xeito que de non presentarse reclamacións, entenderase definitivamente aprobada. No caso da modificación da RPT o período de información pública será, como mínimo, de 20 días, segundo o disposto no artigo 202 da LEG, cumpríndose tamén o preceptuado no apartado 3 do mesmo artigo remesándose á administración do Estado e da Comunidade Autónoma e publicándose no BOP.*
- i) A continuación, a praza debería incluírse na oferta pública de emprego correspondente ao ano 2015, pendente de aprobación por atoparse tamén pendente de aprobación o presuposto para este exercicio. Namentres non sexa posible a súa cobertura definitiva poderá cubrirse transitoriamente mediante comisión de servizos.*

### *IV. Conclusións*

*En virtude do que antecede teño a ben propor :*

- 1.Modificar o cadro de persoal ao servizo do Concello de Redondela e a relación de postos de traballo reservando para persoal funcionario a praza de delineante sen modificar o resto de características relativas a dita praza.*
- 2. Estas modificacións, trala conseguinte negociación, no seu caso, cos representantes sindicais, deberán aprobarse inicialmente polo pleno do Concello someténdose a información pública polo prazo de 15 e 20 días, respectivamente.*
- 3.Unha vez resoltas, caso de habelas , as alegacións e aprobadas definitivamente as devanditas modificacións procederase a establecer a cobertura da praza correspondente por promoción interna mediante os mecanismos e procedementos legais de aplicación.”*

Visto o disposto nos artigos 75 e 75 bis. 1 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) e 13 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), teño a ben propor ao Pleno do Concello, a adopción do seguinte acordo en relación ao asunto de referencia:

- 1.- Aprobar inicialmente a Modificación do Cadro de Persoal ao servizo do Concello de Redondela e a Relación de Postos de Traballo reservando para persoal funcionario a praza de delineante sen modificar o resto de características relativas a dita praza.**



## CONCELLO DE REDONDELA

2.- Someter a Exposición Pública as devanditas Modificacións.”

### INTERVENCIÓNS

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que non atopan inconveniente.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a apoian e que necesítase máis persoal para o Concello.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que apoian a medida.

O concelleiro CABALEIRO COUÑAGO di que se inclúa na OPE seguinte esta praza e apoian a medida.

### VOTACIÓN E ACORDO

Sometida o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 21 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita)

## **5. ACTIVIDADES DE CONTROL DO PLENO:**

### **5.1 DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DO 25 DE AGOSTO AO 18 DE SETEMBRO DE 2015**

Dáse conta das resolucións ditadas polo alcalde nas datas comprendidas entre o 25/08/2015 ata o 18/09/2015.

O Concello Pleno queda informado.

### **5.2 MOCIÓNS**

A concelleira QUINTÁNS COSTOYA xustifica da urxencia da moción presentada sobre o almacén solidario polo comezo do curso escolar e a chegada do inverno, e solicita a súa ratificación.

A concelleira REY GÓMEZ xustifica a urxencia polo grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre o transporte escolar posto que o camiño non está iluminado e xa comenzou o curso.

Sometida a urxencia das dúas mocións a votación, ratifícase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 21 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita)

O alcalde dispón que o debatan conxuntamente as mocións presentadas polos grupos municipais do PP, AER, BNG e a concelleira non adscrita e a presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, por ter un contido substancialmente similar.

#### **5.2.1.1 MOCION CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS, PP, AER, BNG E A CONCELLEIRA NON ADSCRITA E MOCIÓN DO PSDG-PSOE SOBRE OS REFUXIADOS DE SIRIA**

##### ANTECEDENTES

Moción con data de entrada no rexistro xeral do Concello o 18/09/2015 e número 201513843 que se transcribe a continuación:



## CONCELLO DE REDONDELA

“Dende a Segunda Guerra Mundial, a crise migratoria producida pola guerra de Siria, é a maior da que se ten constancia.

Neste conflito coma tantos outros, os bandos confrontados son responsables de violacións dos Dereitos Humanos e de continuos abusos que se ceban nas poboacións civís, que motivadas polo medo continuo (ós combates, ás represalias e ameazas extremistas, a perda da liberdade e dos medios de vida, e da vida mesma, a propia e a da familia), emprenden un camiño de saída fora das zonas de guerra.

Así, neste intre, e tras anos de enfrontamentos internos sen que dende a comunidade internacional se lle teña buscado arranxo en aras do fin dos ataques, millóns de persoas en toda a zona afectada, Siria, saíron cara as fronteiras próximas en busca de refuxio.

Calculase que entre as persoas desprazadas fora das fronteiras sirias e as que están desprazadas dentro do propio país, podemos estar preto dos dez millóns de persoas, case a metade da poboación total siria.

Esta situación ten que revolver as consciencias de toda a comunidade internacional que levan impasibles ante os desmanes bélicos tanto do presidente sirio coma dos bandos que o apoian e dos extremistas do estado islámico.

Sen futuro certo no propio país os sirios foxen das súas casas. Por millóns.

Ante a inxente cantidade de persoas que tratan de buscar refuxio e seguridade en terceiros países, prioritariamente os máis estables da zona, e finalmente cara a U.E., faise necesario que dende as institucións públicas de todos os países implicados tanto na acollida en primeiro lugar coma na de ultima instancia, coma as dos países implicados nos conflitos se faga o esforzo necesario tendente a garantir inescusablemente:

En primeiro lugar a vida e a seguridade da poboación civil que permanece en zona de guerra.

En segundo lugar a garantir o debido acollemento e integración dos refuxiados que esperan a súa entrada na U.E.

España, como parte da U.E., membro como é do consello de seguridade das NN.UU., ten un papel importante na toma de decisións que procuren por unha banda o fin do conflito armado e por outro a garantir a seguridade destas poboacións que veñen sufrindo unha guerra interna de varios anos que hai que atallar. A crise humanitaria producida pola falta de compromiso político e de solidariedade internacional é imposible xa de deter.

Está nas mans de dirixentes, gobernos e organismos internacionais a toma das decisións cruciais para que en Siria se remate con esta guerra. Pero xa non se pode esperar máis. É o momento de actuar, e coma non pode ser doutro xeito, sempre dentro do respecto ós dereitos humanos.

O Pleno do Concello de Redondela consciente do momento crucial e de extremada importancia que ten para o futuro do pobo Sirio a actuación inmediata tanto da U.E, das NN.UU coma de outros órganos de actuación internacional do que forman parte países do entorno de oriente medio, insta a adopción do seguinte ACORDO

Instar ó Goberno de España a:

1.-Que esixa das máis altas representacións dos estados e da comunidade internacional da que España forma parte, a que se garanta por enriba de todo a protección da poboación civil siria que está desprazada aínda dentro das súas fronteiras, poñendo todos os medios e recursos necesarios a ese efecto.

2.- Que se traballe dende os organismos competentes, Corte penal internacional, Consello de Seguridade das NN.UU e outros, a que se tomen as medidas oportunas para deter o conflito e a castigar os crimes de guerra e de lesa humanidade que se están cometendo nesta guerra e a



## CONCELLO DE REDONDELA

vixiar e deter as transferencias de armamento e capitais que fan posible a continuidade da mesma.

3.- Que poña da súa parte coma Estado membro e directamente interesado na acollida de desprazados fora das fronteiras sirias, todos os recursos oportunos para ofrecer unha resposta articulada e coordinada de cara a garantir unha acollida solidaria e integramente respectuosa dos dereitos humanos para todas as persoas que se acollan coma refuxiados no noso territorio.

4.-Que traballe e lidere se é preciso, a necesaria cooperación internacional con terceiros países, do entorno mediterráneo, estean ou non en conflito, que son parte necesaria para perseguir e rematar co tráfico e as mafias que trafican con persoas.

5.-A que dende o Legislativo se ordene e dea regulación o dereito de asilo, respectando o contido na Convención internacional do Estatuto do Refuxiado, no Protocolo sobre o Estatuto do Refuxiado e na nosa propia C.E.

Ademais o Concello de Redondela se compromete a:

Colaborar co Goberno de España, coa Xunta de Galicia, no reasentamento das persoas refuxiadas na nosa comunidade, en todo o posible, a poñer en marcha programas de integración e sensibilización con esta poboación e facer seguimento do proceso a través dun órgano creado a tal efecto.

Xestionar a mobilización e disposición de créditos orzamentarios para axudar as persoas refuxiadas ou migrantes asentadas no noso concello.”

### **5.2.1.2 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSDG-PSOE SOBRE A CRISE MIGRATORIA E A SITUACIÓN DOS REFUXIADOS QUE CHEGAN A EUROPA.**

#### **ANTECEDENTES**

Moción con data de entrada no rexistro xeral do Concello o 08/09/2015 e número 201513103 que se transcribe a continuación:

“Soamente o conflito en Siria provocou o desprazamento de 4.000.000 de persoas segundo ACNUR. En Turquía permanecen arredor de 2.000.000. Líbano, Iraq, Xordania, Exipto e outros países norteafricanos repártense case a totalidade do resto.

Algúns refuxiados preferiron continuar camiño, por iso, entre outras nacionalidades, moitos sirios forman parte das 264.500 persoas que chegaron a territorio da Unión Europea a través do Mediterráneo desde xaneiro ata o 14 de agosto deste ano 2015, segundo ACNUR.

A traxedia de Lampedusa en outubro de 2013, na que morreron 368 persoas, marcou un desgraciado fito na Unión Europea. As reaccións dos dirixentes comunitarios e nacionais inducíronnos a pensar que se porían en marcha solucións para que non volvесе repetirse unha traxedia humana desas dimensións. Por desgraza, dous anos despois seguimos asistindo a mortes non só no Mediterráneo, senón en todo o territorio europeo, de persoas inocentes cuxo único propósito é fuxir da guerra ou da miseria. Hoxe a traxedia é que miles de persoas desesperadas que foxen da morte, están dispostas a arriscar a súa vida e, en demasiadas ocasións, perdela.

Non podemos aceptar como inevitables as traxedias humanas que viven os refuxiados nin as mortes de persoas que se afogan no Mediterráneo ou se asfixian encerrados nun camiión. Non os podemos deixar a mercé dos traficantes de persoas sen escrúpulos no camiño cara a un futuro mellor, porque se non teñen outra alternativa na súa fuxida, seguirán arriscando as súas vidas.

Aínda que Europa non estea a acoller en termos relativos o maior número de refuxiados nesta crise humanitaria, o certo é que as capacidades de moitos países están a verse desbordadas.





## CONCELLO DE REDONDELA

Nesta crise, a ruta de entrada a Europa atópase lonxe de España. Maioritariamente, as vías de entrada con destino aos países do Norte atópanse en Grecia e Italia. Con todo, a crise está a pór a proba a todos os dirixentes europeos porque case todos eles estanse vendo afectados por ela nunha ou outra medida.

A dimensión da crise é inabordable por ningún país en solitario. Nestas circunstancias é necesario que todos os países se involucren ao máximo en buscar solucións aos problemas e desde a Comisión europea fixéronse propostas para que todos os países da Unión actúen conforme ao principio de solidariedade. Con todo, o Goberno de España, xunto a outros, parece máis interesado en desvincularse dun problema que hoxe non lle afecta de cheo que en ter unha actitude proactiva e solidaria.

Desde logo que non existen fórmulas sinxelas para acometer todas as actuacións que é necesario abordar para mitigar un problema que resulta de máxima complexidade na súa raíz e nas súas derivadas. Son necesarias medidas nacionais, europeas e internacionais, medias a curto, medio e longo prazo, plans e perspectivas novas para un problema que se manifestou como nunca o fixo.

O Grupo parlamentario socialista, quere contribuír con decisión, con iniciativa e desde a mellor disposición ao diálogo, na achega dalgunhas propostas que van na liña de dar pasos adiante. Debemos apartarnos do ensimesmamento ou da resignación que non conducen máis que á repetición dos problemas e, por suposto, debemos de abandonar unha posición que non está en consonancia co sentir maioritario dunha cidadanía española que si é solidaria. Aínda está viva na memoria a solidariedade que outros mostraron con quen tamén tiveron que fuxir de España por motivos da guerra e posterior persecución que viviu o noso país. Dar as costas a quen hoxe o necesita é inxusto en si mesmo, e ademais, un torpe precedente ante futuras situacións de crises que si poidan pór en cuestión a capacidade do noso país.

Seguramente non serán as únicas propostas válidas e viables, pero si consideramos que son os mínimos para comezar a traballar na boa dirección.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Redondela presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte PROPOSTA,

### 1. instando Ao Goberno de España a:

- Apoiar todas as vías diplomáticas existentes e promover a creación de cantas resulten necesarias para actuar con determinación na procura da pacificación dos países en conflito.
- Traballar en favor dunha política integral de inmigración e asilo na Unión Europea. A Unión debe contar coas competencias para abordar en común os instrumentos de ordenación dos fluxos migratorios, a integración e a cooperación con terceiros países, así como unha autoridade capaz de adoptar decisións executivas cando a situación o requira.
- Reforzar, desde unha perspectiva europea e nacional, o diálogo e a cooperación cos países do Norte de África que permitan unha adecuada atención aos refuxiados e seguir traballando para evitar a actuación dos traficantes que poñan en perigo as súas vidas.
- Reforzar así mesmo a cooperación cos países en conflito e cos que acollen a un maior número de refuxiados, complementando a asistencia de ACNUR e a Unión Europea.
- Aceptar os solicitantes propostos pola Comisión Europea e aumentar de forma inmediata o orzamento destinado ao asilo e a acollida de refuxiados.
- Diseñar con urxencia un Plan de acollida humanitaria a refuxiados. Este plan debe ter dispostas prazas de acollida dignas, posibilidades de escolarización para os menores, atención sanitaria e social, en colaboración coas CCAA e a FEMP.



## CONCELLO DE REDONDELA

- Aprobar, canto antes, o Regulamento da Lei 12/2009, de 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e a protección subsidiaria.

2. O concello Redondela comprométese a sumarse á denominada rede de cidades-refuxio preparando dispositivos de acollida, e convida á cidadanía a implicarse e colaborar, na medida das súas posibilidades, na atención e axuda aos refuxiados.

Desenvolver unha campaña de sensibilización da poboación sobre a necesidade de contar cunha política de asilo como parte esencial da democracia, o respecto á dignidade humana e aos dereitos humanos, e que, así mesmo, procure previr a aparición actitudes racistas ou xenófobas.

A Corporación Municipal creará unha Mesa de Apoio a Refuxiados para realizar un traballo estable e permanente que poña en marcha as diferentes medidas para a súa mellor atención e apoio.”

### INTERVENCIÓNS

A concelleira REY GÓMEZ ao respecto da moción presentada polo grupo municipal PSdeG-PSOE di que o conflito de Siria provocou o exilio masivo desta poboación.

A concelleira PARIS BLANCO ao respecto de explica a moción conxunta.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que apoian a moción e indica que o Concello debería entrar no proxecto das Cidades Refuxio.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que retiraron con anterioridade a súa moción sobre este tema, e que a conxunta reflectiu dous puntos que consideraban oportunos. Posteriormente procede a explicar a situación do conflito. Nun dos puntos aludidos indica que se recolle a asunción de compromisos en firme como a aprobación dunha partida para proceder ao acollemento. Os Estados Europeos deben apoiar a solución deste conflito e apoian as 2 mocións.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que apoian as 2 mocións.

A concelleira REY GÓMEZ di que a súa moción foi anterior e ignorada ata a presentación da moción conxunta, polo que sinala que esta é hipócrita e carece de sensibilidade.

A concelleira PARIS BLANCO di que pide a unión do PSOE á moción conxunta promulgada na Xunta de Portavoces coa colaboración de todos os partidos. O compromiso do crédito orzamentario pódese ver no próximo debate orzamentario.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están de acordo coas dúas mocións.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o importante é poñer cartos para esta iniciativa, que por outro lado, non se debe aproveitar para facer partidismo.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que están a favor da dignidade das persoas, pero as mocións son un lavado de cara político e critica a actuación dos dous grandes partidos políticos. Redondela non está preparada para acoller aos refuxiados en vivendas sociais pola falta das mesmas, pero sí para outras actuacións.

A concelleira REY GÓMEZ di que non son insolidarios e presentaron moción sobre os desafuzamentos respecto as vivendas. Por outro lado, critica a falta de negociación previa na moción conxunta.

A concelleira PARIS BLANCO di que o problema está aí e agora é próximo aos nosos ollos. Salienta o contexto global no que se move esta actuación. Explica a laboura do Fondo de Colaboración. Solicita a retirada da moción do PSOE e que se acollan á conxunta.



## CONCELLO DE REDONDELA

### VOTACIÓN E ACORDO DA MOCIÓN CONXUNTA:

Sometida a moción a votación, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 21 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita)

### VOTACIÓN E ACORDO MOCIÓN DO PSdeG-PSOE:

Sometida a moción a votación, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo 12 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 9 abstencións (9 do PP).

## **5.2.2 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE SOBRE O HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO**

### ANTECEDENTES

Moción do grupo municipal PSDG-PSOE con data de entrada no rexistro xeral do Concello de 09/09/2015 e número 201513184 que se transcribe a continuación:

“A privatización do novo hospital de Vigo cuxo financiamento e xestión adxudicouse a unha concesionaria privada integrada por empresas construtoras, multinacionais e fondos de investimento internacional multiplicou o custo final desta infraestrutura, chegando a superar os 1.350 millóns de euros para pagar en 20 anos, a pesar de que, estaba previsto inicialmente construílo pola Sociedade Pública de Investimentos (SPI) por un total de 450 millóns.

Malia o incremento orzamentario, non se resolveron nin a resolución do déficit de recursos, ou a mellora nas listas de espera, nin se lle da unha solución a un servizo de urxencias permanentemente saturados, senón que, co beneplácito do SERGAS, este sobre custe só serviu para introducir unha serie de recortes no proxecto inicial que terían que ter sido considerados inadmisibles pola administración contratante das obras.

A perda dos servizos de oncoloxía radioterapia, cirurxía torácica, neurocirurxía, cirurxía plástica, cirurxía pediátrica, cardiología intervencionista e cirurxía cardíaca, así como as reducións das camas de hospitalización convencional nun 31,80 % , dos quirófanos nun 31,40% , dos servizos urxencias nun 55,50% ou de radiología nun 45,70%, así como a desaparición do laboratorio central que estaba deseñado no proxecto inicial, impiden que este novo hospital se poida converter no centro de referencia de toda a área sanitaria de Vigo.

Ademais, a supresión dos dous centros de alta resolución previstos no plan funcional nos anexos do edificio do actual Hospital Xeral ou no do Morrazo, veñen gravar esta situación de descontrol e improvisación na xestión e administración do Novo Hospital.

A esta situación tamén tense que sumar os recortes xa adoptados polo goberno da Xunta de Galicia que privan a este novo hospital do seu carácter estratéxico que o equiparaba aos hospitais do norte de Galicia ao suprimirse os módulos de docencia, investigación, rehabilitación, ou o hotel de pacientes e as 160 camas de coidados mínimos intermedios

A sanidade é un servizo público fundamental polo que non debe estar ligada á busca do beneficio empresarial. Por iso fórmulase a recuperación da concesión garantindo con iso que o novo hospital de Vigo sexa cen por cento público.

Cabe destacar por outro lado que, sen alternativas de balde, se constrúe un aparcadoiro no que terá que estacionar non só o persoal senón tamén os usuarios do hospital ou as familias das persoas enfermas. Estase a obrigar ás persoas usuarias do hospital a pagar por aparcar sen que exista outra alternativa o que supón un copago encuberto da asistencia sanitaria que defendemos que debe ser universal, pública e gratuíta



## CONCELLO DE REDONDELA

Polo anteriormente exposto, o PSdeG-Redondela propón para a súa aprobación a seguinte PROPOSTA: Instar á Xunta de Galicia a:

1. Asumir o custo de mantemento, conservación e explotación do aparcadoiro construído na contorna do hospital e que se instaure a súa gratuidade de maneira inmediata
2. Que se revogue a concesión do hospital xa que este hospital non é nin polo seu modelo de construción público privado nin polos recursos implantados o que os cidadáns necesitan nin moito menos o que estaba previsto”

### INTERVENCIÓNS

O concelleiro REGUERA OCAMPO explica a moción.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que ir o hospital é unha necesidade e que haxa que pagar prezos abusivos é intolerable, por non falar do estado do hospital que é novo.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a asistencia sanitaria debe ser gratuíta, pública e universal, pero a sanidade tamén é un negocio. Apoian a moción porque afecta a tódolos veciños de Redondela e critican a postura do PSOE e de Abel Caballero.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que o hospital non foi unha boa iniciativa e critica a privatización levada a cabo polos 2 grandes partidos.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que, de votarse por puntos, apoiaría o punto do aparcadoiro polo beneficio que suporía para os habitantes de Redondela, pero non apoian o resto dos puntos e explica o porqué. Defende o novo hospital, que aínda non comezou a súa andadura.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que a moción orixinouse a través do recollido na Plataforma da Sanidade. Indica que o PP só sabe privatizar a Sanidade e exemplo diso é o novo hospital coa actuación do Presidente da Xunta de Galicia. Non acceden a votación da moción por puntos.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que votan a favor.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO incide no carácter público da Sanidade e apoian a moción.

O concelleiro VARELA COUÑAGO destaca a demagogia dos 2 grandes partidos. A orixe da problemática provén da Lei 15/1997 aprobada polo PSOE.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a moción é so para quedar ben. O Goberno apoiaría o punto nº1 (Aparcadoiro) e apoia o novo hospital. Resalta a última tecnoloxía do hospital e que o mesmo será un hospital punteiro. Non van a apoiar.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que as competencias de Sanidade están transferidas ao ámbito autonómico e xa no 2009 o bipartito propuxo a iniciativa pública do hospital. Enumera datos sobre a diminución das prestacións públicas do hospital.

### VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a moción a votación, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo 12 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 9 votos en contra (9 do PP).

Aclaración do voto en contra do PP pola concelleira AMOEDO DASILVA.

### **5.2.3 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG SOBRE A INICIATIVA DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG) PARA GARANTIR A ENERXÍA COMO SERVIZO PÚBLICO**

#### ANTECEDENTES



## CONCELLO DE REDONDELA

Moción do grupo municipal BNG con data de entrada no rexistro xeral do Concello de 17/09/2015 e número 201513659 que se transcribe a continuación:

“O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu produto interior bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial. A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endógeno dos seus recursos enerxéticos.

Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español e ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, e mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual os consumidores dos diferentes territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Cabe salientar que as tarifas eléctricas no Estado español son as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre trinta estados europeos.

É posíbel a concreción dunha tarifa máis baixa, para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e para posibilitar o seu crecemento industrial. Así, nesta Lei, no capítulo I, concrétase o desenvolvemento dunha política enerxética, baseada no papel protagonista da Administración galega, na necesidade para o país de dotármonos dunha tarifa eléctrica específica, fundamentada na nosa condición excedentaria na produción eléctrica, na análise das perdas no transporte e distribución, así como das diferentes peaxes do sistema que atenden ás singularidades de determinados territorios: extrapeninsulares, comarcas do carbón español, comunidades que son moi deficitarias na xeración eléctrica, etc. Por iso, concretamos que para Galiza a tarifa debería recoller unha bonificación dun 30% nas peaxes. A Lei pretende tamén impulsar o crecemento das enerxías renovábeis, as medidas de aforro e eficiencia enerxética e a inclusión de Galiza no actual Plano Estatal do Carbón. Por último, propónse a creación dunha tarifa industrial estábel e predicíbel que favoreza a localización e o desenvolvemento industrial. O sector empresarial galego, e nomeadamente a súa industria, precisa gañar competitividade pola vía da correcta xestión dos seus custos. Na actualidade, os custos enerxéticos representan a segunda categoría de custo máis importante despois dos correspondentes ao persoal. En 2012, o prezo da electricidade para clientes industriais era no conxunto do Estado español un 10% superior ao custo medio da Unión Europea. Obviamente, cómpre avanzarmos nas políticas orientadas a conseguir maiores graos de eficiencia enerxética para reducir a intensidade enerxética. Porén, tamén é necesario que se actúe de maneira decidida sobre os custos enerxéticos que teñen que soportar as empresas no desenvolvemento da súa actividade.

Neste sentido, Galiza acolle no seu territorio factorías que desenvolven procesos produtivos intensivos no uso de enerxía (aluminio, aliaxes de ferro, etc.). Por tal motivo, a continuidade destas actividades –coa conservación do emprego e a xeración de riqueza vinculado a elas– está estreitamente vencellada a dispoñer de electricidade a uns prezos que respondan á realidade dos



## CONCELLO DE REDONDEIRA

custos relativos á súa produción, transporte e distribución. Desta medida veríanse beneficiadas non só esas factorías de referencia, senón o conxunto dos sectores produtivos galegos, que lograrían un abaratamento evidente da súa factura enerxética incrementando así a súa competitividade. Sen a lousa dunha estrutura de prezos eléctricos artificialmente agrandada por uns cálculos de custos de transporte e distribución realizados cunha lóxica de Estado, mais que non corresponden á realidade do noso país, incrementaríase o atractivo de Galiza como territorio para a implantación empresarial.

Dado que o obxectivo do sistema eléctrico é fornecer electricidade con maior nivel de calidade, ao menor custo posíbel e con respecto ás cuestións ambientais, parece evidente que se necesita de maneira inadiábel que a través dos mecanismos gubernativos oportunos se garanta que un territorio como o galego, que conta cunha grande capacidade de transformación de enerxía primaria en enerxía apta para o consumo, dispoña dun prezo da electricidade que constitúa unha vantaxe competitiva para as empresas que nel están localizadas. Os custos de transporte e distribución desde as instalacións de produción localizadas en territorio galego até os centros de consumo industrial en Galiza deberían ser inferiores aos que se recollen na actual estrutura de peaxes e cargas que está vixente para todo o Estado, dada a proximidade espacial entre unhas e outros. Adaptar estes conceptos regulados á singularidade propia de Galiza permitiría explotar unha vantaxe comparativa do noso país para xerar riqueza e emprego a través da produción industrial.

O capítulo II desta Lei recolle unha concepción da enerxía como un dereito universal de todas as persoas. Para tal fin, concrétase a definición da pobreza enerxética e articúlanse varias medias para a defensa das persoas consumidoras en situación de pobreza enerxética, ao ser un problema de cada vez maior importancia na sociedade galega. Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos cales, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindible. Segundo datos recentes en Galiza, cerca de 187.000 persoas, o 18% do total da poboación, teñen dificultades para aboaren as súas facturas enerxéticas (gas, auga, electricidade, calefacción, etc.), situación que resulta intolerábel nunha sociedade socialmente avanzada.

Capítulo I. Medidas para garantir a enerxía como servizo público para o desenvolvemento económico e industrial de Galiza.

Artigo 1. Política enerxética. A Xunta de Galiza porá en práctica no ámbito das súas competencias e promoverá e defenderá nos órganos de cooperación entre o Estado e as Comunidades Autónomas medidas encamiñadas a:

- a) A participación da Xunta de Galiza directamente, ou a través de empresas mixtas, para o aproveitamento público de todos recursos enerxéticos, así como de todas as instalacións de produción, distribución e transporte existentes en Galiza.
- b) A implantación dunha tarifa eléctrica máis baixa para Galiza, partindo dunha redución do 30% das peaxes do sistema eléctrico.
- c) A diversificación das fontes de enerxía e recuperación das primas para permitir o desenvolvemento das enerxías renovábeis.
- d) A aprobación dun plano de medidas para o fomento do aforro e de eficiencia no consumo enerxético.
- e) A esixencia da inclusión da Galiza no actual Plano Estatal do Carbón.
- f) A creación dunha tarifa industrial estábel, con variacións predicíbeis, á que se podan acoller os grandes consumidores baixo o cumprimento dunha serie de requisitos de consumo, potencia contratada e dispoñibilidade de interrupción do subministro se for preciso para a xestión do sistema eléctrico.



## CONCELLO DE REDONDELA

Capítulo II. A enerxía como dereito universal de todas as persoas ao benestar social.

Artigo 2. Concepto de pobreza enerxética.

Unha unidade de convivencia está en situación de pobreza enerxética cando ten que destinar máis do 10% dos seus ingresos para satisfacer as súas necesidades enerxéticas (gas e electricidade) da súa vivenda. Para o cálculo anterior, consideraranse os gastos teóricos de enerxía para manter a temperatura da vivenda entre 18°C e 21°C.

Artigo 3. Medidas para erradicar a pobreza enerxética.

1. A Xunta de Galiza asumirá o custo das facturas de gas e electricidade das persoas consumidoras vulnerábeis en risco de pobreza enerxética.
2. Para os efectos de dar cumprimento ao anterior, as persoas que se encontren en situación de pobreza enerxética, nos termos do artigo 2 desta Lei, poderán solicitar da Administración, ao recibiren o aviso de interrupción do subministro de electricidade ou gas, que se faga cargo das súas facturas de gas e electricidade.
3. Para demostrar a situación de pobreza enerxética, os interesados deberán achegar coa súa solicitude un informe dos servizos sociais sobre a situación da unidade de convivencia. Este informe, que as administracións públicas competentes deberán emitir no prazo máximo de quince días desde que sexa requirido, acreditará o cumprimento dos requisitos do artigo 2 desta Lei cunha vixencia de seis meses, sen prexuízo da súa renovación.
4. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras dos servizos básicos de electricidade e gas os mecanismos de intercambio de información e de prezos sociais, co obxectivo de mellorar a prevención e a planificación das actuacións públicas.
5. A Xunta de Galiza acordará coas empresas subministradoras os mecanismos de información necesarios para que poñan en coñecemento dos servizos sociais e das persoas usuarias a información existente e actualizada sobre as tarifas sociais e as axudas e medidas previstas para frear a pobreza enerxética.

Por todos estes motivos, a CIG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS

Primeiro.-Manifestar o apoio do Pleno do Concello de Redondela á proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que se está a impulsar por iniciativa lexislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.-Animar dende a páxina do Concello de Redondela, dende o taboleiro de anuncios á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa lexislativa popular.

### INTERVENCIÓNS

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO explica a moción.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que votan a favor para que o sector enerxético repercuta no beneficio da sociedade.

O concelleiro CRESPO ABAL di que están a favor.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que están de acordo e que xa se falara con anterioridade da pobreza enerxética. O PP non quixo debater no Parlamento esta iniciativa lexislativa popular. Explica a problemática fiscal das empresas eléctricas.



## CONCELLO DE REDONDELA

A concelleira PARIS BLANCO di que apoiarana pero puntualiza que Galicia debe beneficiarse da produción excedentaria de enerxía por parte da nosa Comunidade e garantir que as persoas no umbral da pobreza poidan acceder á enerxía.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que congratulase do apoio da proposta por parte do resto dos partidos. E indica que lle sorprende a postura do PP que sole apoiar outras enerxías e iniciativas opostas á moción tratada, polo cal agradecen o cambio de postura.

O concelleiro CRESPO ABAL cita datos do diario Expansión e critica que as grandes empresas deberían tributar onde producen, e non nos seus actuais domicilios fiscais.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que a moción é clara e que non necesitaría nin intervencións. Alude á necesidade de dar publicidade a iniciativa proposta para acadar as 10.000 firmas necesarias.

A concelleira PARIS BLANCO di que apoian a moción e están de acordo neste tipo de iniciativas.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que transmitirán a CIG o apoio do Pleno do Concello e que é unha proposta seria. Suliña que pese a ser excedentarios na produción de enerxía non nos beneficiamos.

### VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a moción a votación, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 21 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita)

A continuación retíranse o resto das mocións presentadas para pasar a debater as ratificadas como urxentes:

### **5.2.4 MOCIÓN DA CONCELLEIRA NON ADSCRITA SOBRE O PROXECTO ALMACÉN SOLIDARIO**

#### ANTECEDENTES

Moción da concelleira non adscrita con data de entrada no rexistro xeral do Concello de 21/09/2015 e número 201513875 que se transcribe a continuación:

“Contemplando os tempos nos que vivimos e os efectos da profunda crise que nos afecta, dende o grupo de traballo municipal de Redondela e a través da concelleira Raquel Quintáns Costoya, queremos expresar á corporación de goberno e a todos os partidos da oposición do concello de Redondela a vontade de fomentar a creación dun almacén solidario, co obxectivo de paliar as necesidades máis inmediatas das familias máis necesitadas deste concello. Temos que implicar as máximas persoas e autoridades neste proxecto por que vemos necesario crear conciencia sobre todo o desagravio social que sofren estas familias, e cun pouco de esforzo e organización se pode evitar a exclusión social destes veciños.

Pensamos que as necesidades son varias, pero en principio queremos centrarnos nun almacén de roupa e outro de materiais de reciclaxe para a construción e mantemento de vivendas.

Tamén cremos conveniente crear dentro da infraestrutura un banco de alimentos solidario.

Necesidades para o inicio da actividade:

1. Crear unha rede de voluntariado a ser posible contar con mozos e xubilados.
2. Local para a recollida, selección e almacenaxe da roupa.





## CONCELLO DE REDONDELA

3. Terreo para a recollida, selección e almacenaxe dos materiais de construción
4. Dous colectores de transporte para a almacenaxe daqueles materiais máis susceptibles de ser roubados.
5. Dous equipos informáticos para poder ter unha base de datos en cada un dos almacéns
6. Sería estupendo contar cunha empresa ou organismo que nos facilitase a forma de transportar os materiais unha vez que recepciónamos a doazón e tamén para o caso de subministrálos no seu destino se fose necesario.

### Elementos de funcionamento

Para crear unha rede de voluntariado. Estimamos que debemos preparar a un primeiro grupo que poida desempeñar a función de dar charlas en centros culturais, asociacións e mesmo na rúa, mostrando este proxecto e sobre todo convencendo a maior parte da cidadanía de que isto non é só para amparar as familias necesitadas, senón que vai máis alá, este proxecto beneficia a todo o conxunto da sociedade, por que parando a exclusión social tamén se crea riqueza, decatarnos de que unha familia que traballa crea unha riqueza inmediata empezado por gastar no comercio que lle rodea, debemos crear conciencia e pedir á xente que o máis necesario é a súa contribución a nivel persoal, que non se pide diñeiro, senón que, o que nos fai falta para arrancar é un pouco do seu tempo en forma de voluntariado. Se sabemos transmitir estamos seguros que todo aquel que poida nos axudará dunha forma ou outra.

Publicitar a existencia desta iniciativa avalada polo Concello. Conseguir o soporte necesario para poder afrontar o gasto inicial desta publicidade. É necesaria esta acción para dar credibilidade ao proxecto e deste xeito facilitar a xestión e sobre todo diluír aquelas desconfianzas que se xeran con este tipo de iniciativas.

É necesario crear un sistema de comunicación cos organismos sociais xa establecidos no concello, como son os asistentes sociais, que son os que terían que canalizar as demandas das familias necesitadas de axuda en ambos os dous almacéns. Poderíase articular ben creando unhas tarxetas de acreditación a nivel dos servizos sociais do Concello. Sabemos que existen familias que por vergoña non acoden aos asistentes sociais e poderíase establecer algún outro método para que puidesen contactar connosco, e garantindo o seu anonimato e poder evitar así ese sentimento, poñer unha liña telefónica e un correo electrónico, ou mesmo se pode ir máis alá crear unha páxina web onde cada familia poida solicitar o material que necesite para subsistir.

Estableceríanse horarios de atención e repartición axeitados ao voluntariado e á conciliación familiar. Xa que pensamos que a mellor forma de dar atención a estas familias é a través do voluntariado, non só por que xere un aforro ás arcas públicas, senón que tamén por que cremos que crea unha maior implicación da sociedade no seu conxunto e polo tanto así se contribúe a crear conciencia en todo o concernente á axuda social.

Efectuar actuacións de recollida de roupa e aparellos para nenos, como poden ser leite, *potitos*, cueiros, cremas e algunhas cadeiras e cousas máis necesarias para o día a día dos nenos pequenos. Estas actuacións pódense efectuar nos diversos mercados da zona, tamén se poden poñer caixas solidarias ás portas dos comercios nas áreas urbanas en determinados días do mes. Outro tipo de actuacións poden ser colocar carteis nas parroquias do municipio, nos que se comunique a existencia dos devanditos almacéns e as futuras actuacións que realizarán, tamén se debe poñer nos carteis os datos de contacto para que todo aquel que queira colaborar poida comunicarse e transmitir a súa vontade.

Funcións do voluntariado. Aparte da vontade da xente en dar as súas pertenzas, o eixe fundamental de todo este proxecto é o voluntariado que ofrecerá o seu tempo para as seguintes tarefas:

Creación e posterior pegado de carteis para comunicar as futuras actuacións.



## CONCELLO DE REDONDELA

Organizar as comunicacións cos asistentes sociais do Concello.

Atender as demandas das familias necesitadas en todas as áreas dos almacéns solidarios.

Distribuír e recoller as caixas de recollida de roupa polos establecementos ou os portais dos edificios da área designada

Seleccionar e clasificar todos os aparellos que sexan doados e desbotar todo aquilo que xa non teña unha vida útil.

Almacenar e facer entrega dos aparellos ás familias que o necesiten.

Polo que SOLICITAMOS a aprobación deste proxecto por parte de todos os grupos políticos seguido dunha xuntanza na maior brevidade posible, para o desenvolvemento do mesmo e achegar posibles ideas.”

### INTERVENCIÓNS

A concelleira QUINTANS COSTOYA explica a moción.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que teñen dúbidas respecto a como se vai plantexar a iniciativa e quizais a Comisión de Servizos Sociais podería ser a canle idónea para estudala. Resalta o deixamento respecto do voluntariado social.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que están de acordo.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que non están de acordo coa Exposición de motivos pero sí coa fin da moción. Indica que a solución sería crear postos de traballo para a reinserción social das persoas con menos recursos.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que este tema xa se tratou na Comisión Informativa, e sería conveniente aprobar este proxecto e levalo á Comisión de Servizos Sociais para tratar cómo se podería levar a cabo.

### VOTACIÓN E ACORDO

Sometida o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 21 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) acordándose remitir o proxecto á Comisión de Servizos Sociais para a súa tramitación.

## **5.2.5 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSDG-PSOE SOBRE O TRANSPORTE ESCOLAR**

### ANTECEDENTES

Moción do grupo municipal PSdeG-PSOE con data de entrada no rexistro xeral do Concello de 22/09/2015 e número 201513896 que se transcribe a continuación:

“O ano pasado, a tres estudantes xunto con outros de San Vicente de Trasmañó recollíalles o autobús na marquesiña do Camiño da Fenteira (Senda da Auga). Dita marquesiña está nunha zona de vivendas con luz que fai do lugar un sitio seguro para o tránsito do alumnado que vai aos centros educativos.

Este ano, ao cambiar do colexio ao instituto aos tres estudantes de San Vicente de Trasmañó dende a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia fanlles ter que coller o autobús a un quilómetro de onde o collían, a marquesiña do Camiño da Ferreira. Ademais de ter que percorrer un quilómetro, esta zona que lle marca a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria aos alumnos que pasaron dos CEIP Igrexa e CEIP Angorén ao IES Chapela está á intemperie na estrada sen luz, nin hai un núcleo de vivendas preto o que fai que a zona sexa de risco para os menores debido a que no inverno esa zona está ás escuras e teñen que estar no centro ás 8:30 horas.



## CONCELLO DE REDONDELA

Segundo a Instrución 3/2015 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 1 de xuño, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2015-2016 establece que o uso do servizo por persoas distintas dos seus usuarios lexítimos ten entre as súas excepcións ao alumnado de ensino obrigatorio, FP Básica e segundo ciclo de ensino infantil cuxo domicilio estea situado a unha distancia do centro escolar inferior a 2km e superior a 1km en urbanizada e 500m en zona non urbanizada.

Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal o seguinte ACORDO :

Que se inste á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a que o transporte educativo recolla ao alumnado que agora va ao IES Chapela na marquesiña que xa está habilitada no Camiño da Fenteira como xa é así co alumnado dos CEIP Igrexa e CEIP Angorén.

### INTERVENCIÓNS

A concelleira RIVAS GÓMEZ explica a moción.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que está a favor.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o transporte público en Redondela co comezo do curso volve a causar problemas e están de acordo coa moción.

O concelleiro CRESPO ABAL di que están de acordo co fin da moción e expresan as dúbidas sobre o expositivo.

A concelleira PARIS BLANCO di que non é propiamente unha moción senón un rogo e indagando sobre a problemática non se atopa a excepcionalidade da medida. Non hai problema en amosar o apoio.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que é unha moción e non un rogo. Indica que o PP xa coñecía a situación e non tomaron iniciativa algunha. Agradece o apoio a moción.

O concelleiro CRESPO ABAL di que van apoiala e indica que existen con anterioridade peticións de paradas para outros veciños, que deberían tamén ser tomadas en conta.

A concelleira PARIS BLANCO di que informouse previamente e que o problema permanecerá aínda apoiando a moción, en vista do disposto no artigo 4 da Instrución 3/2015 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 1 de xuño, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso 2015-2016

### VOTACIÓN E ACORDO

Sometida o asunto a votación, acordase tamén solicitar á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a modificación da redacción do artigo 4 da Instrución 3/2015, do 1 de xuño, sobre a xestión do servizo de transporte escolar 2015-2016, para solventar este tipo de supostos.

Apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 21 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

### **5.3 ROGOS E PREGUNTAS**

Pregunta presentada polo grupo municipal PP de data 23/09/2015 con número de entrada polo Rexistro Xeral 201514041, que a continuación se transcribe:

“Tras os sucesos acaecidos nas últimas semanas nos que se precisou a intervención do servizo de emerxencias, como foi o sucedido cun problema na caldeira do Colexio de Quintela ou o incendio sufrido nunha vivenda en Ernestina Otero, ante a alarma social plantexada nas diferentes notas de prensa da oposición, preguntamos:



## CONCELLO DE REDONDELA

¿Pode detallar que foi o sucedido e cal foi a participación do servizo de emerxencias neses dous sinistros?

### RESPOSTA

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que non se conta con tódolos medios propios necesarios e realiza unha enumeración dos mesmos. O incidente do Colexio Quintela non foi un incendio, senón un erro no proceso de limpeza da caldeira e o persoal do centro procedeu rapidamente a desconectala.

Respecto o incendio da vivenda, foi provocado por un habitante da mesma, e polo tanto, quedou nunha simple incidencia.

Destaca que a alarma social non se produciu con anterioridade, incluso cando existía menos persoal.

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e dezaioito minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretario accidental, dou fe.-